

DEBATE SOBRE O ESTADO DA NACIÓN

INTERVENCIÓN DO VOCEIRO DE EN MAREA, LUÍS VILLARES

Sr. Presidente.

Galicia non merece un Presidente coma vostede.

Cando un galego entra en Urgencias, merece persoal sanitario que o atenda, e non morrer logo dunha hora sen atención médica. Ninguén merece esta morte en Galicia, nin en ningún lugar do mundo, Sr. Presidente.

O 4 de agosto de 2018 o servizo de Urgencias do PAC da Estrada con incumprimento explícito de polo menos dúas normas da propia Consellería de Sanidade, non dispuña dun segundo equipo sanitario. Esta situación foi propiciada pola propia Consellería, que nun aparente caos organizativo non foi quen de prover os mínimos sanitarios marcados pola lei. Pero non foi caos. É unha política planificada que precariza as condicións laborais para aforrar custos, coma se a sanidade fose unha empresa, e coma se os cidadáns fósemos mercadoría.

Sr. Presidente, aforrou vostede esa tarde 300 euros na súa empresa. Pero a causa dese aforro estragóuselle a mercancía. Galicia non é unha empresa e os galegos non somos mercadorías. Somos seres humanos. O seu aforro de 300 euros custou unha vida humana.

Para vostede a política son números. Pois aí ten os números: 300 euros, 1 vida humana. Parécelle xusto o prezo que Galicia ten que pagar polos seus recortes, Sr. Presidente?

O finado José Manuel Rey Brea, non é un número. É unha persoa, como calquera de nós. Que morreu a consecuencia dunha política cruel e despiadada, dun político que pensa nos números, e non na xente.

Díganos, Sr. Presidente, valeu a pena?

Valeu a pena estar estes dous anos ausente de Galicia?

A súa obsesión enfermiza por posicionarse na carreira sucesoria de Rajoy levouno a dúas teimas:

- **apretarnos, non o cinto**, senón a soga no pescozo, ata afogarnos; figurando como campeón do *neoliberalismo* máis contumaz e indolente cos que sofren, aderezado co autoritarismo de quen prefire amordazar a prensa que escoitar o que non lle gusta,
- **e deixarnos á nosa sorte**, sen proxecto de País, renunciando, mediante unha sonada *afonía*, a reclamar o que nos corresponde á cidadanía galega como dereito en termos democráticos, sociais e nacionais. Foron atronadores os seus silencios en materia de financiamento autonómico, ferrocarril, conexións portuarias ou AP 9.

Pois ben,

Nin a súa sumisión a Madrid nin o seu neoliberalismo autoritario lle valeron o favor da Corte. Quería vostede facer de Galicia o seu trampolín, pero na piscina non había auga. Toda a auga estaba nas fotos que o relacionaban co narcotraficante Marcial Dorado.

Non, na Corte non o querían porque ese pasado era bochornoso mesmo para o Partido Popular. E porque na súa vida política ten aínda 8 falecidos de Hepatite C sen enterrar. Xente enferma que morreu nas súas casas mentres na farmacia había os medicamentos que os podían salvar, e vostede decidiu deixalos morrer, retrasando o tratamento para que non computase o déficit dese ano.

Non, na Corte non o querían porque o PP quería fuxir do seu pasado corrupto e vostede reivindicou nesta cámara a trampa cando dixo que o seu partido se aproveitaba das zonas grises da lei para financiarse. Non

eran zonas grises, do que vostede falaba era das *augas grises* do seu partido. Unhas cloacas que o levaron este ano á condena no Caso Campeón.

Non. Só vostede pensaba ser un merlo branco. Os demais viron o corvo negro que había nas súas políticas.

E se o PP non se merece un presidente así, dende logo

Galicia TAMPOUCO.

BLOQUE I.

1. A GALICIA REAL. Un país á intemperie.

Agora voulle contar o que sucedeu na GALICIA REAL durante a súa ausencia.

Mentres vostede andaba noutras cousas, Galicia **vivi**u á **intemperie**.

Os problemas reais da xente real son sobre todo tres: os recortes públicos, a precariedade laboral e as estafas dos recibos a final de mes.

En primeiro lugar, os **RECORTES PÚBLICOS**

Cando comezou a recesión vostedes dixeron que era necesario reducir os gastos.

Chegou Feijoo a Galicia e aplicou a máis dura receita neoliberal de austeridade.

Polo camiño deixáronse dependentes sen atender, enfermos sen medicinas, sen médicos e ata sen centros de saúde; estudantes sen bolsas, sen comedores e ata sen escola, parados sen formación e universidades sen investigadoras.

Agora en 2018 a riqueza nacional xa é igual cá antes da recesión. Pero os recortes continúan. Isto evidencia que os seus recortes de vida e de dereitos non son unha necesidade. Son pura ideoloxía, o que os fai especialmente repudiáveis e aos seus autores especialmente responsables, é dicir, CULPABLES.

Digámolo claro, recortan, reducen dereitos, porque queren, non porque teñan que facelo. Poderíase actuar doutra maneira, acabando coa austeridade, como está amosando Portugal.

Hai tres grandes áreas en que a cidadanía sente o zarpazo dos recortes: A sanidade, o benestar e a educación.

Empecemos pola **SANIDADE E O BENESTAR**

O primeiro deber dun goberno é asegurar a vida e a saúde das persoas, mediante un sistema sanitario de acceso universal e equitativo en todo o territorio, ben dotado de persoal sanitario.

Pois ben, lonxe disto, vivimos un proceso de **mercantilización** da saúde: as empresas privadas ven nas nosas vidas o seu negocio e non dubidan en mandar aos seus máis selectos *saudetrafficantes* a ocupar postos de

conselleiros e conselleiras, que dende o público abran a porta à rapiña de multinacionais que se lucran a costa dos recursos públicos.

Non son conselleiros, son **comisionistas!**

Cada euro de beneficio da sanidade privada é un euro roubado á saúde da xente.

Por que existe Povisa, ou Galaria ou MEDtec? Porque son empresas que se levan en ganancias o que había ser para pagar medicinas e profesionais sanitarios.

Por que temos que compartir os recursos coas empresas privadas?

As **concertacións e externalizacións** de probas diagnósticas e procedementos cirúrxicos son práctica cotiá no momento actual.

- Mentres a nosa **Atención Primaria, auténtico fundamento do sistema, se descapitaliza cada día** (consultas saturadas, profesionais insuficientes e sobrecargadas, ratios lonxe das recomendacións internacionais, orzamentos minguentes..), o investimento se redirixe a un interesado **gasto farmacéutico crecente;**
- **as listas de agarda** son concibidas como negocio para a privada mediante a Lei de Garantías da prestación sanitaria: primeiro afogan na pública para logo derivar, e quen non quere ir á privada é penalizado con máis tempo de espera.

No entando, os recortes son suplidos pola vontade duns PROFESIONAIS EN PE DE GUERRA que son utilizados espúreamente polo presidente Feijoo que os obriga a traballar cunha presión sobrehumana, e aos que EM e toda a sociedade recoñece a súa labor.

E mentres todo isto ocorre aumentan as **desigualdades sociais, territoriais e de xénero:** as mulleres asumen os custes en saúde da

distribución desigual da carga dos cuidados ou sofren a incompreensión e a desatención en determinadas doenzas como a endometriose.

Tamén son pasto da privatización as centrais de chamadas, as limpeza dos hospitais, os sistemas informáticos, a xestión das historias clínicas, o soporte técnico, o sistema de asesoramento no control de compras de equipos tecnolóxicos... e un longo etcétera.

Mentres, seguimos padecendo as miserias de **CEN MIL GALEG@S QUE NON PODEN PAGAR AS SÚAS MEDICINAS**, ou adiantar cartos para as próteses, iso por non falar da desigualdade territorial na atención, pois sen un servizo de Hemodinámica 24H é máis difícil sobrevivir a un infarto en Lugo e Ourense.

Doutra banda, as residencias de maiores están sendo empregadas como hospitais de crónicos, que as empresas privadas converten nun lucrativo negocio co amparo da Xunta.

Despreocupación social da Xunta que se estende á inexistencia dunha verdadeira **renda cidadá de inclusión social**, ou a súa incapacidade, ou tal vez desleixo, de acatar dunha vez por todas as sentenzas que sobre a **RISGA** levan emitido os tribunais do noso País (ANUNCIOUNO ESTA MAÑÁ. DEZ MESES MÁIS TARDE!!). Todo, seguramente, para aforrar uns poucos euros, a costa dos que máis o necesitan. A mesma miseria que supón entorpecer a valoración para evitar atender ás persoas **dependentes**.

EDUCACIÓN

O suspenso en educación tamén ten un nome propio: **recortes**. 600 millóns de euros menos que en 2009. Así cabe entender que teñamos 1200 docentes menos ao tempo que aumentan o diñeiro para a concertada.

Este debate prodúcese coa recente destitución de Román Rodríguez como Conselleiro de educación, un recoñecemento do seu fracaso en todos os niveis, precedido iso si, dun alto nivel de conflictividade, pechando centros de ensino, elevando as ratios de estudantado por aula, con problemas estendidos nos servizos de comedor e mesmo nas liñas de transporte escolar.

No eido **universitario** os principais problemas son a precariedade, a desigualdade social e a ausencia de recursos:

a) sufrimos unha dobre precarización:

- A do mercado laboral para recién titulados e
- A do profesorado universitario cunha miserable taxa de reposición do 10%

b) faltan bolsas para manter as fillas e fillos vivindo fóra da casa todo o ano; o problema non é só o prezo da matrícula!

c) O plan Bolonia condenou áos universitarios a pagarse caros másteres para completar a formación, incrementando a desigualdade, másteres que só os ilustres dirixentes populares se poden sacar sen ir a clase.

Finalmente, os recortes foron sistemáticos nos **investimentos públicos en I+d+i**. Entre 2009 e 2017 deixaron de gastarse 217 millóns de euros que logo Feijoo meteu en cemento para o Gaiás.

O peor de todo é que os zarpazos dos recortes veñen acompañados de

2. PRECARIIDADE LABORAL e social.

Unha das maiores desgrazas na vida é traballar e non saír de pobre. A outra é non ter traballo e ter que emigrar para gañar o pan. Moitas familias galegas viven estas dúas situacións.

Esta MAÑÁ ESQUECEUSE DALGÚNS DATOS!!

No mes de setembro, ESQUECEU DICIR QUE

- o paro en Galicia subiu o dobre cá no conxunto do Estado, o dobre!
- E 9 de cada dez contratos asinados foron temporais!
- Entre a MOCIDADE, o 53% do total dos contratos son temporais, o 28% parciais e o desemprego supera o 30%. En consecuencia viven na precariedade 8 de cada dez mozas e mozos.
- hai 175 mil fogares con algún membro en paro e 70 mil onde todos están no paro. 35 mil fogares non teñen ingreso de ningún tipo: nin salarial, nin pensións nin prestacións por desemprego.

XENTE QUE PARA VOSTEDE NON MERECEU UNHAS PALABRAS DE ALENTO.

A precariedade laboral trae empobrecemento social:

- durante a recesión, os que quedaron no paro e agora atopan traballo perderon a frioleira do 30% do seu salario real.
- Ser **autónomo significa ser precario**, porque globalmente ingresan de media a metade que os traballadores asalariados. Cando Feijoo chama aos mozos e mozas a ser emprendedores por conta propia, é dicir autónomos, estaos chamando á precariedade.

Con estas situacións nas familias galegas, non é de estrañar a **conclusión** deitada polos datos do IGE:

- o 40% dos fogares en Galicia chega a fin de mes con dificultade ou moita dificultade.

- 2 de cada dez galegos está en risco de pobreza.

E mentres a xente loita por chegar a fin de mes, por non deixar a ninguén da casa fóra da mesa nin fóra da casa, cal foron as estratexias do Sr. Núñez durante este ano? Dúas: turismo de bocadillo e enganar a traballadores e parados.

- a) A estatexia económica da Xunta para a creación de emprego baséase actualmente no TURISMO DE BOCADILLO. Crean a consellería de turismo para dar rango de Autopista ao Camiño de Santiago, cun modelo baseado na precariedade, a estacionalidade, e baixo valor engadido. Fin da política industrial e económica.
- b) A xunta gasta máis recursos en anunciar políticas de emprego que en executalas. Núñez engana á xente facendo crer que fai *políticas de promoción do emprego e institucións do mercado de traballo*.

En total, de 305 millóns orzamentados con este fin, executáronse só o 57%, é dicir, **quedaron 132 millóns sen gastar**. **Suba e explíquese**, Sr. Núñez, porque lles debe moitas explicacións ás paradas, aos autónomos e á mocidade que tivo que emigrar mentres vostede se queda co seu diñeiro.

Finalmente, **a falta de diálogo social** propicia a precariedade laboral. Cando se pensa reunir con sindicatos e patronal para falar de emprego?

Recortes, precariedade, e ademais...

3. ESTAFAS MASIVAS

Sr. Núñez,

como vostede vive fóra da realidade galega, cando chega fin de mes, tampouco sabe que cartas chegan aos buzóns da xente normal.

Si, voulle falar de sobres.

Pero non se asuste, que non vou falar dos sobres que tan ben coñecen no PP.

Vou falar doutro tipo de corrupción.

A corrupción institucional, da que vostedes forman parte, que legaliza que mes a mes as grandes empresas multinacionais nos podan timar, tangar, estafar, sisar, roubar con total descaro, mentres vostedes miran para outro lado.

Estou falando das facturas abusivas, dos recibos, habitualmente domiciliados, que nos sablean a final de mes:

- Son recibos por servizos básicos. Hoxe non é un luxo ter **luz eléctrica** na casa. nin gasóleo nin gas butano ou gas natural.
- Non temos liberdade para escoller, porque ninguén hoxe quere exercer unha suposta liberdade de pasar frío ou estar incomunicado. En consecuencia, non somos realmente libres.
- Como as empresas non compiten entre elas, senón que pactan os prezos á alza, temos que pagar RECIBOS abusivos por servizos que non son un luxo, senón básicos para poder vivir.

Aínda que toda a xente que nos escoita sabe perfectamente de que estamos falando, permítame ilustralo con 3 exemplos:

- a electricidade, subiu un 35% no último ano;
- o butano, un 30% en dous anos;
- e o gasóleo, un 35% en tres anos.

Esta estafa permitida polos gobernos debe completarse con dous elementos clave, a **vivenda** e o que pagamos de **catastrazo** por ser titulares de inmobles.

- O encarecemento da **vivenda** tanto en propiedade como en aluguer impide á mocidade emanciparse, e leva unha parte excesiva da renda das familias, aumentando o risco de impago en caso de despido ou precarización naqueles fogares onde hai traballo.

Os datos son elocuentes sobre a escalada de prezos de aluguer: entre xuño de 2017 e xuño do 2018 produciuse un incremento do 13% na cidade da coruña, do 12% en santiago, de case un 14% en Lugo, e de case un 10% en vigo e Ourense.

Porcerto! Os desafiuzamentos subiron un 4,2% seundo o CXPX, mentres baixaron no resto do estado.

- O **Catastrazo** está producindo unha verdadeira desfeita económica en familias que viven espazos *rururbanos*: Fannos pagar como se fosemos grandes empresarios só por ter un galpón onde gardar a leña.

A modo de conclusión,

Os *recortes públicos* de Núñez Feijoo, a *precariedade laboral e social* ocasionada polo seu abstencionismo e a complicidade coas *estafas masivas* das grandes empresas causan desigualdade social, desequilibrio territorial, perda de oportunidades e sobre todo ausencia de expectativas de futuro para a xente máis nova.

En definitiva, **desesperanza**.

Temos un pobo esforzado orfo de goberno que lle bote unha man.

Non, Galicia non se merece un presidente coma vostede.

BLOQUE II

Un goberno sen proxecto de país e sen valores.

Sr. Núñez,

Estes dous anos de intemperie deixaron ao descuberto non só a súa insensibilidade social senón tamén a súa falta de proxecto de País e a súa tacañería en valores democráticos.

O PAIS.

Galicia carece dun horizonte estratéxico, porque ten á fronte un presidente que leva dous anos de paseo polo Barrio de Salamanca, pendente de si mesmo, e cos pés, o corazón e a cabeza moi lonxe desta terra.

Territorio e medio ambiente.

Unha terra que *vostede non pisa, pero que permite que outros pisoteen.*

Por iso hai un ano aprobou a *lei de depredación ambiental*, para que veñan os de fóra a esquilmar os nosos recursos naturais.

Porque a norma non valeu para crear emprego, nin implantar industria nin mellorar a I+D, só valeu para suprimir controis ambientais e garantías públicas.

A desertificación que provocan os *monocultivos de eucaliptos* nótase na cabeceira dos ríos, que reteñen menos auga e provocan períodos de seca, que logo se traducen no desabastecemento de auga en cidades como Vigo.

En xeral, a *auga* importa pouco, por iso a calidade da súa depuración é tan baixa en Galicia e o saneamento integral das rías nunca chega. O

medio ambiente é rendible, e as rías do Burgo e de Ferrol poderían ser hoxe fonte de emprego e non sumidoiros da súa incompetencia.

O clima cambiou xa, e somos o primeiro emisor de CO2 sen que o seu goberno estea ocupándose da transición enerxética ou a descarbonización da economía.

O seu modelo segue baseado en queimar e por iso priman o transporte por estrada sobre o *ferrocarril*. Fáltanos ese tren que podería levarnos ao traballo cada día nas áreas metropolitanas; unir toda a costa atlántica e cantábrica, comunicar Coruña con Lugo e Lugo con Ourense; que nos poña en media hora de vigo a Porto.

A mobilidade sostible foi a principal prexudicada do bloqueo do PP das *áreas metropolitanas de Vigo e A Coruña*, pero a recollida de lixo; as augas; ou o alumado público, que se podería negociar ao por maior ou mesmo dar lugar á creación de empresas públicas, como sucedeu este ano en Barcelona.

A actuación sectarea do PP onde non goberna quedou evidenciada coa pretensión de destruír a fachada litoral do Porto da Coruña para servir os intereses da especulación inmobiliaria, o mesmo que fixeron en Lugo cando o mesmo día da moción de censura anuláron o convenio para a transformación urbana do Barrio da Residencia.

Só financian obras se cren que lles vai reportar éxito partidista, como fixeron Rey Varela e Bea Mato, usando o cargo para a súa promoción persoal.

O legado da cesada Conselleira de medio ambiente segue sendo **SOGAMA**, un modelo de xestión de residuos baseado na incineración, que debe ser máis *molón* que *reducir, reciclar e reempregar*. É lóxico que sexa así, véndoos a vostedes parece claro que non todo é reciclable.

En Galicia *o lume é un problema para a xente, pero é un negocio para os amigos*. Orientar as políticas públicas á extinción e non á prevención fai que compense que o monte arda, porque hai empresas que obteñen beneficios do lume. Mentres unha empresa vexa negocio en queimar

montes e casas, os chisqueiros estarán ao servizo dos desalmados, non pirómanos nin terroristas, senón amigos dos que hoxe nos gobernan.

O domingo pasado toda Galicia contivo a respiración cando viu arder Mondariz.

Carballeda de Avia, Chandebrites e Vigo volveron ás nosas cabezas e as catro persoas falecidas, aos nosos corazóns.

Os únicos que ignoraron o sucedido foron vostedes. Un ano máis tarde, a mesma incompetencia: os medios aéreos chegaron o domingo tarde e mal; non houbo coordinación de efectivos e o concello non tiña unha liña de teléfono onde ser atendida e demandar información. A súa única política segue a ser mirar para o ceo e agardar a que chova. Patético.

Dereitos nacionais

Pero Galicia non é só territorio..

Se algo xustifica a existencia deste mesmo Parlamento é o noso carácter nacional. Somos máis que xente, máis que territorio e paisaxe; somos unha comunidade humana que historicamente compartiu sorte no político e no cultural e o máis importante, que no presente amosa a súa vontade cidadá de construír en común un proxecto de solidariedade. Recoñecémonos iguais e unidas por vínculos emocionais e racionais. Temos conciencia, en definitiva, **de sermos unha nación**.

Lamentablemente os ataques á nosa autonomía política foron constantes durante estes últimos anos, e o Presidente da Xunta, en vez de defendernos, dedicouse a *agochar e agachar* a cabeza fronte Madrid.

Hai 3 deslealdades que quedaron na impunidade política:

- A primeira, a negación dun sistema de **financiamento xusto** que nos permita atender dignamente as necesidades da nosa cidadanía.

- A segunda, a **falta de investimentos comprometidos** en Galicia, que dende 2014 sumaron case 2300 millóns de euros.
- A terceira, as **medidas recentralizadoras**, coa escusa dos principios de contención de gasto e de unidade de mercado, que nos recortaron competencias propias, ou que quedaron baleiradas de contido.

Sr. Núñez, valeu a pena tanta afonía?

Falemos claro, valeu a pena tanta covardía política?

Este Presidente **mudo** é o que merece o noso país?

Sinceramente, non.

OS VALORES.

Ademais da ausencia de proxecto de país, o presidente non anda sobrado de valores democráticos como a igualdade, a liberdade, a cultura, a memoria democrática ou a ética.

IGUALDADE.

Por iso non é de estrañar que malia a **histórica folga feminista** do 8 de marzo, a Xunta non reaccionase, agás para **prohibir** a folga, razón pola que foi condenada polo Tribunal superior de xustiza. De feito, o Sr. Feijoo sigue a día de hoxe lexitimando os comportamentos máis casposos, rancios e machistas dentro das filas do seu partido: voulle dar un exemplo por provincia:

- A pasada semana, o alcalde de Vilanova (**Pontevedra**) permitíase chamar *chacha para todo* a á presidencia da Deputación de

Pontevedra, sen que vostede nin o fixese dimitir nin lle retirase o seu apoio;

- O alcalde de Palas (**Lugo**), condenado por acoso;
- o alcalde de Noia (A **Coruña**) fixo mofa do día 8 de marzo cos seus chistes machistas
- e por suposto, o Virrei acosador sexual Baltar II

Aquí ten a oportunidade, na réplica de posicionarse nestes catro casos. Cal son os seus valores, Sr. Núñez? Está pola igualdade? Está do lado dos machistas e acosadores do seu partido ou de todas as mulleres?

LIBERDADE de información.

As traballadoras e traballadores da CRTVG levan camiño de 20 venres negros, unhas xornadas de protesta onde denuncian a manipulación á que son sometidos e que lles impiden informar da realidade social que vive Galicia, cando se trata de reflectir a *pluralidade política* ou o *descontento social* co goberno.

Esta situación é denunciada polas valentes profesionais, que defenden as nosas liberdades, para que logo os seus sicarios na CRTVG os persigan con expedientes sancionadores arbitrarios, como fixeron con Tati Moyano.

O Feijoo máis autoritario tornou un medio de comunicación *nun medio de manipulación*, ao estilo do gobernos ruso, o que é coherente coa liña máis reaccionada marcada polo seu xefe de filas Pablo Casado, aliñado cun discurso clasista, xenófobo e negador da nosa diversidade social, cultural, e tamén, por certo, lingüística.

LINGUA

Lingua, si.

Toni Cantó en nome de Ciudadanos *apuntou* contra a nosa lingua e unha vez máis o PP sacou a careta e *disparou*. Os 12 deputados galegos do PP que hai quince días votaron con Ciudadanos a proposta de aniquilar a plena oficialidade do galego deberían ter sido cesados fulminantemente. Non só por facer o **ridículo** pasando por certo que ninguén en Galicia falaba castelán, senón tamén pola **traizón** a Galicia que iso supón.

A xente que fala castelán en Galicia non quere que aniquilen a lingua dos dos seus veciños; escoita con cariño o galego e respecta a quen o fala, e as conversas bilingües son un escenario de relación social. Daquela, por que nos queren negar, aos que falamos castelán e falamos galego, que teñamos os mesmos dereitos?

MEMORIA DEMOCRÁTICA

Que Feijoo ten un problema coa cultura e a lingua de Galicia non é algo novo. Tampouco o son as súas mentiras. Pero o sucedido a semana pasada durante a chegada da “*A derradeira lección do mestre*” a Galicia é algo que non esqueceremos.

Desembalado o Gernika galego, vostede tivo a desfachatez de omitir na explicación do lenzo que a persoa que estaba tendida no chan fora **asasinada**. Por suposto non quixo dicir que Castelao retratara ao mestre co semblante de **Alexandre Bóveda**, mártir galego por antonomasia da sublevación fascista en Galicia no 36.

Sr Feijoo, os que estivemos ao seu carón durante o acto vímoslle o texto que lía, perfectamente suliñado, o que acredita que os seus silencios foron actos conscientes de manipulación da memoria do noso país. Será que algúns no PP se senten fillos dos que **dispararon** a Bóveda.

Estes son os seus valores democráticos: A desmemoria, a impunidade, o esquezo dos paseados.

A memoria democrática de Galicia non se merece un presidente coma vostede.

ÉTICA POLÍTICA E CORRUPCIÓN.

Sr. Núñez,

vivimos unha época política na que a cidadanía repudia comportamentos corruptos e clientelares. E tamén aquí vostede deixa moito que desexar.

Ilustrarei esta situación con dous casos 100% galegos, *sen interferencias de Madrid*.

A principios de ano, o *Caso Campeón*, cun deputado do PP e dous altos cargos do seu goberno condenados por prevaricación e malversación, baixo o seu mandato!

E a finais de maio, nunha contundente sentenza no coñecido como *Caso Valedora*, puxo ao descuberto toda unha trama de corrupción institucional de tráfico de influencias utilizado por Milagros Otero, Valedora do Pobo a proposta do PP, para colocar na administración á sobriña de Manuel Fraga.

Eses son os seus valores?

Non, Galicia non merece un presidente coma vostede!

Afortunadamente, todos os valores que lle faltan ao Presidente **tenos** unha cidadanía que non se resigna a vivir baixo a bota popular.

BLOQUE III

A. A cidadanía de Galicia non se resigna a un Presidente e a un goberno así. Mobilización. Compromiso social e político por unha alternativa de esperanza.

En efecto, no último ano vivimos unha marea de mobilizacións sociais de gran intensidade, sociedade civil **viva**, invisibilizada pola tele de Feijoo, pero que existe, que denuncia, que non se conforma.

Non nos conformamos e non nos resignamos e por iso:

- a) No mes de febreiro, con SOS Sanidade pública os que **sufrimos os recortes e as privatizacións** da sanidade saímos á rúa, Sr. Presidente! que haxa pediatras para as nenas e nenos.. é tanto pedir?
- b) O 8 de Marzo, as que cremos na igualdade paralizamos o país, porque **a sociedade galega é feminista**, e non consinte nin a xustiza patriarcal, nin os asasinatos machistas, nin a fenda salarial nin os alcaldes machistas do PP,
- c) no mes de abril milleiros de persoas saímos ás rúas a **rexear a Mina de Touro**, en defensa da vida, da auga, dos ríos e da ría de Arousa,
- d) O primeiro de maio milleiros de persoas, cos sindicatos de clase, saímos ás rúas a defender **o dereito a un traballo digno**,
- e) En xuño as pensionistas de hoxe e os xubilados de mañá se deron a man, reclamando un **sistema de pensións digno**.
- f) En setembro milleiros de nais e pais se mobilizaron para defender unha educación de calidade en Brión, allariz, Seixalbo, Ordes, Santiso, Saoutomaior, ou Santa Comba.. esixindo profesores, comedores e transporte escolar.

Pero tamén se mobilizaron **sectorialmente** os traballadores e traballadoras públicas demandando un servizo público de calidade:

- na **xustiza**;
- en **medio rural e medio ambiente**;;
- na **CRTVG**;
- Nos PACs en pé de Guerra e no 061;

E tamén a veciñanza de **Tui**, que logo dunha explosión da que non teñen culpa tiveron que aturar que a Xunta non lles indemnice polo 100% do valor da súa vivenda e van ter que pagar do seu peto máis do 25% os destrozos das súas casas, logo de quedar sen nada.

Non quero esquecerme neste punto daquelas e aqueles que, sentindo a violencia das súas políticas antisociais e sen proxecto de País, exerceron o seu dereito á rebeldía das tres formas máis extremas e dolorosas que hai na vida:

1. **A emigración.** Dende que vostede goberna, deron un portazo marchándose de Galicia 270000 persoas, segundo datos oficiais. Deles, máis da metade tiñan menos de 35 anos.
2. **A implosión demográfica.** Os nenos prefiren non nacer en Galicia que facelo baixo o seu goberno. Quere saber onde van eses nenos? Están nacemento deses 145 mil menores de 35 anos que vostede mandou á emigración.
3. Finalmente existe unha verdade incómoda que ningún goberno quere afrontar: canta xente non aguantou a presión da desestruturación da súa vida durante a recesión e optou desesperadamente por **suicidarse**. O ratio por suicidios no Estado

é de 7,1/cen mil habitantes. En Galicia, sobe ao 12. Case 1 suicidio por día. Sen chegar a este extremo, cantas doenzas psicolóxicas? Cantos tratamentos por ansiedade? Cantas rupturas familiares?

NON, Sr. Núñez, non nos merecemos un goberno que provoca *éxodos, implosión demográfica ou suicidios*. Non ten dereito a nos amargar a vida.

Sr. Núñez ,

como pode ver, nin vostede nin o seu goberno se parecen en nada á sociedade galega actual.

Galicia é feminista, sostible, solidaria cos seus maiores, cos seus mozos e mozas, social, valente e orgullosa dos seus profesionais e dos seus servizos públicos, traballadora e merecente de salarios dignos, e fachendosa de ter unha lingua e cultura de seu.

A Galicia

de hoxe en día é democrática, cooperativa, fraterna e igualitaria.

Mírese NO ESPELLO, Sr. Feijoo.

Vostede non se parece en nada á Galicia de hoxe en día.

B. unha alternativa de esperanza, plural e comprometida. Que solucione os problemas das galegas e galegos.

Encontrarse coas maiorías

Quixera dirixirme agora, neste tramo final da intervención, A TODA A CIDADANÍA GALEGA, A TODA, incluída toda esa xente que votou ao Partido Popular e hoxe está disgustada, decepcionada e mesmo

avergoñada por todo o que está oíndo. Eses sentimentos son normais, un vota de boa fe e confía en que os seus non van cometer todas as tropelías que aquí se están contando, tal vez moitas delas vividas en carne propia polos propios oíntes.

Quero dicirvos que dende En Marea somos conscientes de que formades parte desa grande maioría social que busca unha alternativa que pare este despropósito, esta indolencia co sufrimento de tanta xente QUERIDA.

O pasado mes de setembro En Marea, primeira forza da oposición, e PSOE e BNG chegamos a un acordo para forzar unha comisión de investigación sobre os recortes na sanidade, que investigue e esixa responsabilidades políticas polo dano causado. Somos forzas diversas, pero puxémonos dacordo arredor da defensa da vida e a saúde da xente.

E dende En Marea estamos en condicións de facelo de novo, ampliando a cooperación en defensa do ben común cidadán, buscando novos acordos para ampliar liberdades públicas, para ensanchar dereitos sociais e para facernos prosperar colectivamente.

Esas ideas maioritarias son as que deben articular unha alternativa plural e cooperativa, porque diversa é a sociedade que sen embargo se une para defender os valores democráticos, sociais e nacionais.

Por iso dende En Marea queremos ofrecer **un novo trato cidadán, baseado na xustiza social, unha alternativa** á que se podan sumar PSOE e BNG e na que se sintan recoñecidas tantas e tantas persoas que só desexan que o seu goberno pense neles e no seu benestar cando tome as decisións.

Esta proposta de contrato social ten tres partes:

1. Acordar propostas de emenda aos orzamentos da Xunta de Galicia para 2019 de garantía dun **mínimo de investimentos sociais, en proporcións de PIB** semellantes aos dos orzamentos de 2009, en materia de *IGUALDADE e loita contra as violencias machistas, educación, BENESTAR E sanidade*.

2. Acordar a progresiva **desmercantilización dos bens básicos esenciais para a nosa sociedade**. Debemos impedir que as grandes empresas, maiormente multinacionais e fondos de inversión, fagan negocio a costa da nosa vida, a nosa saúde e dos nosos dereitos.

Creemos que **HAI un amplo CONSENSO social** arredor dos seguintes bens:

- **A auga.** Toda xestión do ciclo da auga debera ser estritamente pública, como ben de acceso universal.
- **A sanidade.** Os concertos coa privada non aforran cartos, son ruinosos, como amosa a situación de POVISA ou a xestión da débeda do Álvaro Cunqueiro, ademais do tratamento pirata dos nosos datos médicos.
- **A educación.** Nin cabe desviar cartos á concertada, singularmente á que segrega por sexos, nin que as multinacionais fagan negocio nos comedores escolares;
- **As pensións.** A pretensión da UE de rematar co sistema público de pensións para forzar sistemas privados é o negocio máis suculento dos fondos buitres. Cotizacións máis altas para prestacións máis baixas.. para que polo medio outros se queden co esforzo de vidas enteiras de traballo.
- **A prevención e extinción de incendios.** Galicia arderá mentres haxa empresas que saquen beneficio do lume. Nin os medios aéreos nin nos parques de bombeiros poden ser privados. O servizo

de prevención e loita contra o lume en Galicia debe ser único e público.

- **Servizos sociais.** A atención a persoas maiores e dependentes non pode ser un negocio que se lucre a costa das pensións dos xubilados e o esforzo das familias.

3. Reforma estatutaria de carácter social. Ante obsolescencia dun estatuto de autonomía que non contempla carta de dereitos sociais das galegas e galegos, dende En Marea queremos adquirir e compartir o compromiso de erixir en dereito social básico, con carácter vinculante fronte o poder público autonómico, dos seguintes bens:

- a auga;
- o acceso a unha vivenda digna;
- un mínimo de renda vital e de enerxía dispoñible en cada fogar.

O contido fundamental destas tres propostas non é arredor do diñeiro: non é un pacto económico.

É o pacto arredor duns valores sociais compartidos, baseados na solidariedade social, na cooperación e na sustentabilidade ambiental, que teñen Galicia como o espazo natural de referencia, e procuran a máis xusta distribución da riqueza que xera o conxunto do País. Porque non somos unha gran empresa, senón unha gran familia.

Porque queremos poñer a política ao servizo da xente real.

Porque non queremos ser tratados como números, senón como persoas.

Moitas grazas.